



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

28 de novembro de 2024

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 22:40

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	NON
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ





33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Alfonso Losada Rodríguez:
«Motivos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1179/2024. Dación contas resolucións da alcaldía dende o Nº 2024-0730 ao Nº 2024-0948

Dase conta das resolucións da alcaldía dende o nº 2024-0730 ao nº 2024-0948.

Aprobación das actas de sesións anteriores.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 1
------------------	---

<<Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG e coa abstención do PP, aprobou as actas das sesións plenarias de datas 29 de xullo e 26 de setembro de 2024, respectivamente.>>

Expediente 233/2024. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 1
------------------	---

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Aprobación Definitiva da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa do Uso Común Especial do Dominio Público Local polas Actividades Extractivas de Madeira nos Montes e Espazos Forestais do Concello de Guitiriz . Expte. 233/2024





Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:

-Providencia da alcaldía de data 7/03/2024 incouse o correspondente para aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio publico local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Guitiriz.

-Borrador da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio publico local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Guitiriz incorporada ao expediente.

-Memoria de custes de data 17/07/2024.

-Informe xurídico de secretaría de data 18/7/2024.

-Acordo plenario de data 29/07/2024 aprobose inicialmente o expediente de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio publico local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Guitiriz concedendo un trámite de audiencia para a presentación de alegacións durante un período de 30 días, segundo anuncio publicado no BOP de Lugo de data 6/08/2024.

Vistas as dous alegacións presentadas:

- Dona Maria del Carmen Gayoso Montenegro en representación da Asociación Provincial de Empresarios de Primeira Transformación de la Madera de Lugo, con numero de entrada 2024-E-RE-1471 de data 17/09/2024.

- Don Xurxo Pedreira Cabanas en representación da empresa Maderas Pedreira, S.L. con número de entrada 2024-E-RE-1477 de data 17/09/2024.

Visto o informe do técnico do servizo de medio ambiente de data 25/10/2024.

Visto o informe de intervención de data 18/11/2024.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 19/11/2024

Considerando o disposto no artigo 22, da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

Vista a proposta de resolución PR/2024/933 de 19 de novembro de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE , e cos votos en contra do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:





PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas no trámite de audiencia da aprobación inicial da ordenación e imposición da taxa do uso común especial do dominio publico local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Guitiriz de acordo cos informes emitidos que obran no expediente:

1.1. Desestimase a alegación de dona Maria del Carmen Gayoso Montenegro en representación da Asociación Provincial de Empresarios de Primera Transformación de la Madera de Lugo polos seguintes motivos derivados dos informes obrantes no expediente:

1.1.a) En relación ao apartado primeiro da súa alegación: A este respecto o artigo 78 do RB establece: En la utilización de los bienes de dominio público se considerará:

1º. Uso común, el correspondiente por igual a todos los ciudadanos indistintamente, de modo que el uso de unos no impida el de los demás interesados, y se estimará:

a) General, cuando no concurren circunstancias singulares.

b) Especial, si concurrieran circunstancias de este carácter por la peligrosidad, intensidad del uso o cualquiera otra semejante

De conformidade co informe técnico de data 25 de outubro de 2024 obrante no expediente, entendemos que si concurre un uso común especial porque:

Debemos ter en conta que o feito impositivo da ordenanza (art. 2) ben motivado polo depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, é dicir que non inclúe so o transporte de madeira en camiión polas estradas con firme bituminoso, senón que tamen inclúe os camiños en terra ou xabre que existen no termino municipal de Guitiriz que se empregan para a saca de madeira de tala, empregando autocargadores ou tractores con remolque, ambos de gran tonelaxe. Sendo estes viais os que sufren mais danos no seu firme, e nalgúns casos facendo impracticable o uso para circular o restos de vehiculos.

O uso que poida darse a un camiión, no transcurso dun aproveitamento madeireiro, realizase un período corto de tempo (días ou semanas), pero en vez de ter en conta o período de tempo do uso, temos que facer fincapé no uso do camiión en viaxes executados pola distinta maquinaria tendo en conta as toneladas de madeira que se sacan e transportan en cada aproveitamento. Para xustificar este uso continuo dun camiión tendo en conta as toneladas, unha vez feita a consulta a aplicación "Corweb" da Conselleria de Medio Rural, das autorizacións resoltas, existe unha media de 300 tn por aproveitamento, sendo a mais pequena de 30 tn e a maior 2358 tn, polo tanto nun período corto de tempo os camiños sufren continuos transitos de maquina para poder sacar tal cantidade de madeira.

Se a isto engadimos que se executa durante todo o ano os traballos de aproveitamento madeiro, e épocas nas que as condicións meteorolóxicas son adversas pola alta pluviosidade, os camiños sufren mais danos no firme debido as toneladas de peso soportan e a maquinaria que se emprega.





Con respecto as empresas que faigan un aproveitamento forestal en terreos dos concello limitrofes con Guitiriz, e que empreguen os vias municipais para o transporte da madeira os centros de transformación, estas empresas estarian exentas da taxa. Debemos recalcar que esta taxa fundamentalmente vai mais encamiñada o uso de camiños de terra e xabre que dan acceso os terreos forestais e sufren os danos pola actividade forestal.

Tendo en conta a experiencia deste concello, os danos que se producen nos camiños municipais, a parte do transito continuo de maquinaria pesada para a saca de madeira, son estragos e desperfectos en estruturas dos propios camiños, como son o caso das gabias e tubos de drenaxe, a hora de realizar labores de acopio de madeira e transporte.

En canto a exclusión de determinados vehículos a aplicación de dita ordenanza, a experiencia durante varios anos, que determinados vehículos como poden ser os agrícolas, non producen danos nos camiños como é o caso dos vehículos forestais, por varias razóns: os traballos do resto de vehiculos como poden ser os agrícolas centranse en épocas concretas do ano, cando as condicións meteorolóxicas son máis favorables, (época de ensilaxe de forraxe), este tipo de vehiculos están presentes en certas zonas de territorio municipal onde existe unha clara actividade gandeira mentres que a explotación forestal está presente en todo o concello.

1.1.b) En relación ao apartado segundo da súa alegación: consta informe de intervención de data 18 de novembro no que se xustifica a legalidade e viabilidade do expediente, nos seguintes termos:

Primeira.- As entidades locais disporán de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins, recursos entre os que se encontran os tributos locais, segundo o previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Sempre partindo do principio constitucional de suficiencia financeira, art. 142 da CE.

Atendendo ao anterior e á potestade regulamentaria concedida ás entidades locais polo artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, será posible establecer e exixir tributos a través das súas propias ordenanzas fiscais, atribución que ven conferida ao Pleno, conforme dispón o artigo 22.2.d) da citada Lei. A validez do acordo requirira o voto favorable da maioría simple dos membros presentes, como se establece no artigo 47.1 da mesma norma.

De igual maneira poderán acordar a modificación de ditas ordenanzas, que deberán conter a nova redacción das normas afectadas, e das datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación, atribución conferida igualmente ao Pleno da Corporación e o acordo deberá adoptarse con igual maioría que no caso do seu establecemento.

Segunda.- De acordo co artigo 24 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: "O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase de acordo coas seguintes regras:





a) Con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público. A tal fin, as ordenanzas fiscais poderán sinalar en cada caso, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada.

b) Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas.

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houberse lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe da deterioración dos danados.

As entidades locais non poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que refírese o presente apartado.”

Asemesmo para a determinación da cota das taxas poderá terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas.

O artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que: “ Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. Este informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.”

Consta no expediente estudo de custes desta intervención en base a estimación de gastos en conversacións co técnico de medio ambiente e considerando previsión dos mesmos, como referencia das toneladas extraídas se tomaron de base os datos facilitados polo técnico segundo a base de datos a que ten acceso, e que se incorpora como anexo no expediente ao.

O artigo 26 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que: “ As taxas poderán devindicarse, segundo a natureza do seu feito impositivo e conforme determine a respectiva ordenanza fiscal:





a) Cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, aínda que en ambos os casos poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial.

b) Cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectuou o pago correspondente.

No apartado 3º dispón que cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público, a actividade administrativa ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Terceira.- A alegación presentada considera a infracción do principio de legalidade tributaria e ausencia de xustificación da cota tributaria.

O artigo 25 do TRLFL dispón que a existencia imprescindible dun informe técnico-económico para poder establecer a contía da taxa. Así o mencionan diversas sentenzas por exemplo STS de 13 de decembro de 2016: “La exigencia de Memoria económico-financiera o informe técnico-económico (sobre el hecho de que la distinta denominación no supone diferencia alguna de exigencia en cuanto al contenido, nos remitimos a la Sentencia de esta Sala y Sección de 18 de marzo de 2010, recurso de casación 2278/2004) es constante en nuestra jurisprudencia, valiendo por toda ellas, las Sentencias de 14 de abril de 2001 (casación 126/96, FJ 3º), 7 de febrero del 2009 (casación 4290/05, FJ 3º) y 18 de marzo de 2010 (recurso de casación 2278/04, FJ 3º), en las que claramente se mantiene que la ausencia o insuficiencia de este tipo de documentos da lugar a la nulidad de la Ordenanza.

No podía ser de otra manera, pues como se ha recordado en la Sentencia de esta Sala de 16 de septiembre de 2010 (recurso de casación número 5403/2005), la exigencia de Informe técnico-económico o Memoria económico-financiera que reclama la Ley «constituye ‘un medio de garantizar, justificar (el ente impositor) y controlar (el sujeto pasivo) que el principio de equivalencia se respeta, y, por ende, para evitar la indefensión del administrado ante actuaciones administrativas arbitrarias’ (...).»

Por otra parte, en la Sentencia de 19 de diciembre de 2007 (recurso de casación 3164 /2002) dijimos también; «Resultan evidentes las dificultades que en algunos supuestos pueden plantearse, al elaborar los estudios económicos justificativos, especialmente en el caso de pequeños municipios. Así lo hemos expuesto en alguna ocasión anterior y así lo ratificamos ahora, pero de lo que se trata, en todo caso, es de ‘de huir de la arbitrariedad y de evitar la indefensión de los contribuyentes, que son frecuentemente la parte débil e indefensa de la relación jurídico-tributaria’.(Sentencia de 8 de marzo de 2002”

Asemesmo a sentenza TS de 19d e xullo de 2016 argumenta que: “Sobre la importancia del estudio económico financiero ha tenido ocasión de pronunciarse la Sala, habiendo declarado que la ausencia formal del documento así como la insuficiente justificación de los valores de mercado de referencia que justifique el importe de la exacción supone un vicio de nulidad que afecta tanto a la propia Ordenanza como a las liquidaciones giradas en su aplicación (...).”





En relación a ausencia de xustificación, consta no expediente memoria de estudo de costes, en cumprimento do artigo 24.2 do TRLFL, polo que non se pode alegar a ausencia do mesmo, xa que no expediente hai un documento estudio de costes de taxa de saca de madeira de 17/07/2024.

En canto a inexistencia dunha contabilidade de costes ou analítica no concello de Guitiriz, aínda que o mesmo pode ser certo, non é máis certo que o Concello de Guitiriz cumpre na súa contabilidade co disposto para as entidade locais na Orde HAP 1781/2013 de 20 de setembro modificada por Orde HAC 1364/2018, de 12 de decembro e pola Orde HAC/836 /2021 de 9 de xullo pola que se aproba a Instrución de contabilidade local.

A alegación manifesta que o informe económico carece de sustento fáctico, segundo a Real Academia Española, algo fáctico é que pertence ou relativo aos feitos, en oposición a teórico ou imaxinario. Esta intervención considera que o estudo económico se fai sobre a base dos documento públicos do Concello de Guitiriz, isto é,

- Orzamento xeral do concello de Guitiriz aprobado definitivamente e vigor publicado no BOP nº 50 de 29/02/2024.
- Relación de postos de traballo coa súa última modificación aprobada e publicada no BOP nº 139 de 11/06/2024.
- Liquidación do orzamento xeral do Concello de Guitiriz aprobado por Decreto de alcaldía 2024-0142 de 29/02/2024 e publicada na páxina de transparencia do concello de Guitiriz.
- Contabilidade do concello de Guitiriz, da que a firmante do estudo económico é a interventora, funcionaria de habilitación nacional, que conforme o artigo 4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación nacional, entre as súas funcións está levar e desenrolar a contabilidade financeira e a execución do orzamento da entidade local, coordinar as funcións ou actividade contables da entidade local.

Esta intervención considera que os datos que obran na memoria económica son datos contables, foron extraídos pola intervención dos distintos documentos públicos aprobados por esta entidade local e que teñen o seu reflexo contable na contabilidade deste concello, do que a interventora é responsable, polo que son datos contrastados e verídicos que está a disposición pública, polo que non xustifica a mención do alegante de que carecen de sustento fáctico.

Por outra parte no desglose do estudo, se diferencia gastos indirectos, e directos, por unha parte se establecen gastos de persoal, e gastos indirectos, os cales suman 29.766,29 euros.

Polo anterior se considera xustifica a memoria de costes para a aprobación da taxa baseada en documentos públicos aprobados polo concello de Guitiriz e pola contabilidade municipal.





1.1.c) En relación ao apartado terceiro da súa alegación: Se considera que existen elementos de xuízo suficientes para desestimar este motivo en canto que como manifestaba o informe técnico de data 25 de outubro de 2024 :

“En canto a exclusión de determinados vehículos a aplicación de dita ordenanza, a experiencia durante varios anos, que determinados vehículos como poden ser os agrícolas, non producen danos nos camiños como é o caso dos vehículos forestais, por varias razóns: os traballos do resto de vehículos como poden ser os agrícolas centranse en épocas concretas do ano, cando as condicións meteorolóxicas son máis favorables, (época de ensilaxe de forraxe), este tipo de vehículos están presentes en certas zonas de territorio municipal onde existe unha clara actividade gandeira mentres que a explotación forestal está presente en todo o concello.”

1.2. Desestimase a alegación de don Xurxo Pedreira Cabanas en representación da empresa Maderas Pedreira, S.L polos seguintes motivos derivados da argumentación recollida no informe técnico de data 25 de outubro de 2024 :

“En canto a exclusión de determinados vehículos a aplicación de dita ordenanza, a experiencia durante varios anos, que determinados vehículos como poden ser os agrícolas, non producen danos nos camiños como é o caso dos vehículos forestais, por varias razóns: os traballos do resto de vehículos como poden ser os agrícolas céntranse en épocas concretas do ano, cando as condicións meteorolóxicas son máis favorables, (época de ensilaxe de forraxe), este tipo de vehículos están presentes en certas zonas de territorio municipal onde existe unha clara actividade gandeira mentres que a explotación forestal está presente en todo o concello.

En canto, a aplicación da ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira, non implica que as empresas madeireiras non se rexistren nin comuniquen os aproveitamentos madeireiros que leven a cabo, sendo en caso contrario motivo de sanción, como se esta a levar a cabo con algunha delas. O motivo da taxa, é o uso de camiños, sobre todo de firme en terra ou xabre, das súas estruturas (como gabias e tubos de drenaxe) do uso continuo e reiterado de maquinaria pesada no aproveitamento forestal, sobre todo en épocas do ano con condicións meteorolóxicas adversas, que agravan estes efectos.”

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Guitiriz que consta incorporada ao expediente.

TERCEIRO.- Publicar o texto íntegro da devandita ordenanza no Boletín Oficial da Provincial de Lugo conforme ao artigo 17 do TRLRFL e 70.2 de la LRBRL.>>

Expediente 1160/2024. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes:1





<< Feitos e fundamentos de dereito:

APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 1160/2024

Dona Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Por providencia da alcaldía de data 15/11/2024 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación do regulamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Guitiriz.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 19/11/2024.

Visto o borrador de regulamento da Escola Infantil Municipal redactado polo servizos municipais.

Visto que se efectuou o trámite de consulta previa.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a proposta de resolución PR/2024/932 de 19 de novembro de 2024.

Resolución:

Por parte do grupo PSOE, engádese a seguinte enmenda no anexo primeiro do regulamento relativo a BAREMO APLICACIÓN ACCESO Á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE GUITIRIZ: “5. Pola condición de vítima de violencia de xénero ou vítima de trata de seres humanos ou explotación sexual debidamente acreditada, cunha puntuación de 6 puntos.”

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do PP, e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o “Regulamento da Escola Infantil Municipal do Concello Guitiriz” redactado polo servizos municipais que se adxunta como Anexo ao presente acordo, coa enmenda presentada.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.

Documentos anexos:

- Anexo 1. Anexo. Regulamento escola infantil municipal >>

Expediente 1826/2017. Modificación do Regulamento do Centro de Día “Casa do





Capataz”	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes:1

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Modificación do Regulamento do Centro de Día “Casa do Capataz” do Concello de Guitiriz. Expte. 1826/2017

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 14/11/2024 de incoación de expediente de modificación do Regulamento do Centro de Día do Concello de Guitiriz publicada no BOP de Lugo nº 046 de data 25/02/2023.

Visto o informe de secretaría de data 15/11/2024.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2024/923 de 18 de novembro de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE , e coas abstencións do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Centro de Día “Casa do Capataz” do Concello de Guitiriz no que respecta a capacidade e aos artigos 8, 14, 15 que quedan redactados da seguinte forma:

<< Capacidade: 27 prazas>>

<< ART. 8º. MODALIDADES ASISTENCIAIS

A modalidade asistencial será:

- Xornada completa: Os usuarios acudirán ó centro diariamente e durante a totalidade do horario de atención, cun máximo de 8 horas/día.

<< ART. 14º NÚMERO DE PRAZAS.





O Centro de Día de Guitiriz contará cun máximo de 27 prazas a xornada completa. >>

<< ART. 15º HORARIO.

O Centro de Día contará cun horario para o desenvolvemento das súas actividades de luns a venres en horario ininterrompido de 8 da mañá a 20:00 horas, excepto os días festivos que permanecerá pechado. Os sábados e domingos o centro estará pechado.>>

SEGUNDO.-Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación do regulamento se considerará definitivamente aprobada.>>

Expediente 128/2023. Aprobación expediente contratación determinados servizos de axuda no fogar.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes:1

<< **Feitos e fundamentos de dereito:**

APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR (MODALIDADE DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA) . Expte. 128/2023

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Memoria xustificativa de data 14/11/2024.

-Acordo plenario de data 18/11/2024 de incoación do expediente de contratación de determinados servizos de axuda no fogar .

-Informe do secretario da Corporación de data 19/11/2024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir

-Dilixencia de existencia de crédito de data 19/11/2024

-Informe do secretario da Corporación de data 20/11/2024.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescrición técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

-O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.





-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

-A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

-A Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

De acordo coa atribución concedida ao Pleno pola Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Publico

Considerando o disposto na Lei de contratos do sector público, aprobado pola Lei 9/2017.

Considerando a atribucións concedida ao alcalde polo artigo 21.1 e ao pleno conforme o artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases

Vista a proposta de resolución PR/2024/938 de 20 de novembro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 20 de novembro de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE , e cos votos en contra do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobación expediente de contratación coas seguintes características convocando a súa licitación:

Tipo de contrato: administrativo

Subtipo do contrato: servizos suxeito a regulación harmonizada

Obxecto do contrato: “determinados servizo do servizo de axuda no fogar”

Procedemento de contratación: aberto Tipo de Tramitación: ordinaria

Código CPV: 85320000-8 e NUTS:ES112 .

Valor estimado do contrato (sen IVE): 1.673.793,30 euros (cinco anos)

Tipo licitación:

1. Modalidade libre concorrencia: 22,98 euros/hora mais 0,92 euros/hora de IVE
2. Modalidade dependencia de luns a sábado: 22,98 euros/hora mais 0,92 euros/hora de IVE.
3. Modalidade dependencia domingos e festivos: 26,84 euros/hora mais 1,07 euros/hora de IVE





Orzamento anual: 334.758,66 euros + 13.400,64 euros de IVE

Duración da execución: 2 anos prorrogable por tres mais Duración máxima: 5 anos

División en lotes: non Número de lotes:

Observacións:

Horas anuais estimadas:

- Modalidade libre concorrencia: 2.844 horas
- Modalidade dependencia (de luns a sábado): 11.373 horas
- Modalidade dependencia (domingos e festivos): 300 horas

SEGUNDO.- Aprobar a inclusión de aplicación orzamentaria suficiente e adecuada nos sucesivos orzamentos para facer fronte as distintas anualidades do presente contrato.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares de data 20/11/2024 e de prescricións técnicas asinados con data 19/11/2024 que rexerán a adxudicación e execución do contrato mediante o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.

CUARTO.- Publicar a convocatoria da licitación no Diario Oficial da Unión Europea no perfil do contratante a través da plataforma de contratación do Estado para a presentación de ofertas por medios electrónicos durante o prazo de 35 días naturais dende a publicación no perfil, coa información do artigo 63 da LCSP e o contido do Anexo III da LCSP.>>

Expediente 903/2024. Modificación inventario municipal de camiños no lugar de Forcas- O Vilar.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Modificación do inventario municipal de camiños no lugar de Forcas- Parroquia de O Vilar. Expte. 903/2024

Visto o seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Solicitud cambio de trazado de camiño publico con nº: 22_3010 de data 22/02/2023 con R.E.: 627.
- Informe do Técnico de medio ambiente do concello de Guitiriz nº 2024-0100 de data 19/09/2024 no que se establece:

<< Segundo. Informe.





Tendo en conta a solicitude do interesado como da documentación obrante no concello, a continuación efectúanse as seguintes consideracións:

-Segundo consta no inventario de camiños, e no documento final aprobado en sesión plenaria do 28/03/2019, o camiño obxecto do cambio conta coas seguintes características:

Codigo camiño22_3010

Referencia catastral27022A28009003 - 27022A28309014

Lonxitude430,102 mts.

Coordenadas ETRS 89 Huso 29 InicioX: 587280,32

Y: 4775296,93

Coordenadas ETRS 89 Huso 29 FinalX: 587155,31

Y: 4774931,59

-Unha vez feita a visita de comprobación por parte do técnico que subscribe, observase que o trazado do camiño incluído no inventario municipal e na cartografía catastral existe un erro, xa que non existe indicios de ningún tipo de vial. Consultada a cartografía catastral do ano 1956 e a foto aérea do voo americano feita na mesma época, non existe camiño polo trazado marcado no inventario nin no catastro actual, feito que corrobora existencia dun erro.

-A vista dos feitos, propónse, a modificación puntual do trazado do camiño n.º 22_3010 segundo o plano que se achega, que concorda coa realidade, e co trazado que se observa na cartografía catastral e foto aérea dos anos 50.

-De aprobarse o cambio de trazado, polo órgano competente, os interesados deberán levar a cabo os cambios na cartografía catastral oportunos ante a Dirección Xeral de Catastro.

Terceiro. Conclusións

Tendo en conta o exposto anteriormente, propónse a modificación puntual do trazado do camiño n.º 22_3010 incluído no inventario municipal de camiños segundo consta no plano que se achega e tendo en conta o seguinte condicionante:

- Os interesados deberán levar a cabo os cambios na cartografía catastral oportunos ante a Dirección Xeral de Catastro.>>

- Informe xurídico de data 10/10/2024

Considerando o establecido no artigo 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o

Vista a proposta de resolución PR/2024/931 de 19 de novembro de 2024.





Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Proceder a modificación puntual do trazado do camiño nº 22_3010 segundo se reflicte na ficha que se anexa co presente acordo.

SEGUNDO.- O solicitante deberá tramitar ante a Dirección Xeral de Catastro os cambios xerados na cartografía catastral.

TERCEIRO.- Darlle traslado do presente acordo a cantos interesados houbese no procedemento.

CUARTO.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia do Concello de Guitiriz .
>>

Documentos anexos:

- Anexo 2. Anexo. Plano_trazado_camiño_22_3010

Expediente 844/2024. Bonificación do ICIO da obra de ampliación de explotación de vacún a Patricia Pérez en representación de Salu, S.C.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN OU OBRAS.

PRIMEIRO. ANTECEDENTES

Solicitud n° 2024-E-RC-3033 de 31/07/2024 de Patricia Pérez Tomé con NIF 33.548.769 A en representación de SALU, S.C. con CIF J 2749970 G de bonificación do 50 por 100 do Imposto sobre construcións, instalación e obras da obra de silo de formigón.

Acordo da Xunta de Goberno Local de 16/10/2024 de concesión a SALU,S.C. con CIF J27499706, licenza urbanística para ampliación de explotación de vacún de leite: construción de silo forraxeiro (referencias catastrais 27022A283000980000MY e 27022A283000960001QS) de acordo co proxecto do enxeñeiro técnico agrícola Jacobo Pazos García, con número de colexiado 1203 polo COETA AC (visado colexial 20240424 de 24/04/2024).

Declaración de autoliquidación e liquidación de de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

--	--	--	--	--





OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
Salu, SC. Obra de silo de formigón	Taxa	21.320,00	0,12% (mínimo 30,00 €)	31,20
	ICIO		2,2%	469,04
			TOTAL	469,04

SEGUNDO. REGULACIÓN DA ORDENANZA FISCAL.

Na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, aprobado por este Concello publicada no BOP número 046 de data 25/02/2012 e modificada respecto as bonificacións sendo publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023 dita modificación, recollese no artigo 6 unha bonificación potestativa por razón de interés especial ou utilidade pública municipal, concretamente no apartado A1 en relación as construcións instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outras, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias concretas e podendo ser ata o 90% da cota do imposto.

En concreto o artigo di:

“ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) RAZÓNS DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.

A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:

- o Inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.*
- o Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas*





En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación poderá ser, motivada, de hasta o 50% da cota do imposto, en función da importancia económica e social de cada caso concreto, e da capacidade económica do Concello en orde o seu equilibrio orzamentario.”

TERCEIRO. Vista a documentación obrante no expediente, o solicitante encontrase dentro dun dos supostos de bonificación contemplados no artigo 103.2^a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo, e tamén no artigo 6. A) A1) da correspondente ordenanza fiscal reguladora*.*

Aplicando a modificación da ordenanza en canto a bonificacións de interese especial ou utilidade pública municipal substanciais, a liquidación sería 469,04 euros, a **bonificación do 50%** na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras a cota a abonar do ICIO será 234,52€, sendo a bonificación polo mesmo importe de 234,52 euros.

Vista a proposta de resolución PR/2024/802 de 22 de outubro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 23 de outubro de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO . Declarar o especial interese ou utilidade pública da obra de explotación de obra de ampliación de explotación de vacún de leite: construción de silo forraxeiro (referencias catastrais 27022A283000980000MY e 27022A283000960001QS), por concorrir as circunstancias da Ordenanza de ser unha: Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins.

SEGUNDO. Conceder a de Patricia Pérez Tomé con NIF 33.548.769 A en representación de SALU, S.C. con CIF J 2749970, una bonificación do 50% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras, para a obra do presente expediente, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023, amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo e aprobar a liquidación tributaria por importe de 234,52 euros.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Expediente 413/2024. Bonificación do ICIO para obra de plataforma de fromigon para silo de Rubén Paz Paz en representación de Castro Paz SC





Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS

PRIMEIRO: ANTECEDENTES

Solicitud de Rubén Paz Paz con DNI: 33.546.847 J, en representación de Castro Paz SC con C.I.F. J 27320084 do 20/06/2023 (registro nº 2024-E-RE-778) de solicitud de bonificación do imposto sobre obras, construcións e instalacións para a obra de plataforma de formigón para almacenamento de silos de forraxe para actividade gandeira.

Memoria valorada de muro de contención e solado de formigón en parcela rústica firmado pola arquitecta técnica M^a Isabel Arza Río por importe de 20.200 euros.

Declaración de autoliquidación e liquidación de de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
Castro Paz SC Rpresentado por Rubén Paz Paz NIF 33.546.847 J	Taxa	20.200	0,12% (mínimo 30,00 €)	30,00
	ICIO		2,2%	444,40
			TOTAL	444,40

Informe técnico do medio ambiente d2024-0101 de 20/09/2024

Informe técnico urbanístico 2024-0299 de 20/09/2024 para comunicación previa de plataforma de formigón para almacenamento de silos de forraxe para apoio á actividade gandeira e muro de contención.

Verificación favorable a comunicación previa das obras de Plataforma de formigón para almacenamento de silos de forraxe de apoio á actividade gandeira (1.480 m2) e muro de contención de 1 m. de alto (45 ml) de 22/09/2024.

SEGUNDO. ORDENANZA FISCAL.

Na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, aprobado por este Concello publicada no BOP número 046 de data 25/02/2012 e



modificada respecto as bonificacións sendo publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023 dita modificación, recollese no artigo 6 unha bonificación potestativa por razón de interés especial ou utilidade pública municipal, concretamente no apartado A1 en relación as construcións instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outras, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias concretas e podendo ser ata o 90% da cota do imposto.

En concreto o artigo di:

“ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumbran os seguintes requisitos:

A) RAZÓNS DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.

A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:

- o Inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.*
- o Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas.*

En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación poderá ser, motivada, de hasta o 50% da cota do imposto, en función da importancia económica e social de cada caso concreto, e da capacidade económica do Concello en orde o seu equilibrio orzamentario.”

TERCEIRO. Vista a documentación obrante no expediente, o solicitante encontrase dentro dun dos supostos de bonificación contemplados no artigo 103.2ª) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo, e tamén no artigo 6. A) A1) da correspondente ordenanza fiscal reguladora*.*





Aplicando a modificación da ordenanza en canto a bonificacións de interese especial ou utilidade pública municipal substanciais, a liquidación sería de 444,40 euros, a **bonificación do 50%** na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras a cota a abonar do ICIO será 222,20 €, sendo a bonificación polo mesmo importe.

Vista a proposta de resolución PR/2024/805 de 22 de outubro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 24 de outubro de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO . Declarar o especial interese ou utilidade publica da obra Plataforma de formigón para almacenamento de silos de forraxe de apoio á actividade gandeira (1.480 m2) e muro de contención de 1 m. de alto (45 ml), por concorrir as circunstancias da Ordenanza de ser unha: *Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins.*

Segundo. Conceder a Rubén Paz Paz con DNI: 33.546.847 J, en representación de Castro Paz SC con C.I.F. J 27320084 una bonificación do 50% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023, amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e aprobar a liquidación tributaria por 222,20 euros.

Terceiro. Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Expediente 1170/2024. Moción BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes:1

<< Resolución:

Moción BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista.

Exposición de Motivos





A violencia machista é o problema máis importante que afecta a vida das mulleres na nosa sociedade. Unha violencia que, malia os intentos de negala ou homologala a calquera violencia que impulsan as posicións retrogradadas da dereita e da extrema dereita, é consecuencia dun sistema de dominación social contra as mulleres, o patriarcado. Fronte a efemérides e datas sinaladas que converten en rituais e baleiras de contido, a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde manifestada en propostas concretas que melloren a aplicación e desenvolvemento das leis e dos seus instrumentos.

Desde que o inicio das estatísticas no ano 2003, compútanse máis de 70 mulleres asasinadas na Galiza, unha cifra que temos que ser conscientes de que é incompleta pola limitación ao longo do tempo das categorizacións dos feminicidios e pola invisibilidade na que aínda quedan moitos casos pola situación de especial vulnerabilidade das vítimas. No que vai de 2024, o feminismo galego convocounos ás rúas para mobilizarnos xa contra tres feminicidios. En outubro o terrorismo machista acabou coa vida de Fadoua Akkar, asasinato que deixa tamén unha vítima de violencia vicaria, unha crianza de 13 anos; en agosto saímos as rúas ante o feminicidio de Mercedes Rios Muñiz, de 74 anos e en marzo contra o asasinato de Andrea Yturry Alave, de 25 anos, que deixaba tamén unha crianza.

É cuestionable a existencia da violencia machista e o seu forte impacto no noso país. No que vai de 2024 xa acadamos a mesma cifra de feminicidios que no ano 2023. Os feminicidios son consecuencia máis extrema dunha violencia que no último ano enteiro deixa mais de 1400 ordes de afastamento, 7795 casos activos en Viogen, do que 3231 contan con protección oficial, ou máis de 900 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, o maior número e o maior aumento de toda a serie histórica (un 20%).

Ante esta situación observamos con preocupación como as cifras se asumen cada vez máis como parte do día a día, normalizándose no lugar de escandalizar. A isto contribúen os discursos negacionistas e banalizadores, mais tamén aqueles que procuran situar a violencia machista como algo individual ou inevitable, cando existe unha responsabilidade colectiva, institucional e social, a de protexer os dereitos humanos e a vida das mulleres.

É preciso, polo tanto, avaliar que podemos facer para evitar o avance da violencia machista e dos feminicidios. Galiza conta cunha lei pioneira, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Porén, hai aspectos desta lei que non se cumpren ou que non se desenvolven e nos que se está a fallar.

Un destes aspectos é o da atención psicolóxica, absolutamente fundamental para que as vítimas poidan romper coa espiral de violencia e para que se recuperen. Desde hai dezasete anos a lexislación contempla que este servizo se preste de maneira integral e como parte da Atención Primaria. Porén, isto non é unha realidade e os programas de atención psicoloxía que se prestan a través da colaboración co Colexio de Psicoloxía ou a Fundación Meniños, sendo moi importantes e axudando a moitas mulleres, chegan a penas ao 20% das vítimas e teñen limitadas as súas sesións.





Outro aspecto fundamental para a loita contra a violencia machista é reforzar os recursos de proximidade, como os Centros de Información á Muller, que se ben son de titularidade municipal, é a Xunta de Galiza quen delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións e contribúe ao seu financiamento. Malia ser unha demanda histórica do municipalismo e das traballadoras destes centros, a Xunta de Galiza segue sen abordar unha mellora do seu financiamento, a fixación de rateos mínima de persoal e a ampliación de categorías profesionais.

Finalmente, cómpre sinalar a preocupación antes importantes pasos atrás no simbólico e na articulación dos sistema de protección ás vítimas que está a dar o goberno do Partido Popular. Despois da supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e de rebaixar o seu rango institucional, o goberno da Xunta avanza na privatización dos novos recursos aos que obriga o marco estatal de loita contra a violencia sexual malia transferírselle fondos europeos para a súa creación. Unha decisión intolerable, que vai precarizar a atención ás vítimas e ante a que só cabe sinalar que a violencia machista non é un negocio para seguir engordando os beneficios de empresas multiservizos.

Cada 25 de novembro debemos homenaxear ás miles de mulleres e de colectivos de mulleres grazas aos que a violencia machista esta no centro do debate político e a única maneira de o facer e comprometer nos con máis avances.

Por estes motivos a corporación municipal de Guitiriz reafirma o seu compromiso na loita contra a violencia machista, rexeitando calquera discurso banalizador ou negacionista así como calquera retroceso que elimine ou privatice recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e anima a veciñanza de Guitiriz a secundar as mobilizacións do movemento feminista.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG, e coa abstención do PP, adoptou o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar prioritariamente as seguintes medidas:

A) Aprobar e dotar orzamentariamente un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública e dar cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica par vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias. Este plan contará cunha partida singularizada e orzada nos próximos orzamentos do goberno galego e incluírá, en colaboración co Colexio de Psicoloxía de Galiza, unha proposta de ampliación dos programas xa existentes.

B) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.





C)Rectificar a súa decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e garantir a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial e directamente ao cargo da administración pública, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias.>>

Expediente 1150/2024. Moción BNG relativa á situación do idioma propio de Galiza e á adopción de medidas para a súa normalización.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Resolución:

Moción relativa á situación do idioma propio de Galiza e á adopción de medidas para a súa normalización.

Mónica Roca Ares e Alfonso Losada Rodríguez, concelleiros do grupo municipal do BNG de Guitiriz e ao abeiro da lexislación vixente, presentan para o seu debate no Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

Exposición de Motivos

Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínate aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista. O galego non so descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4 % das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden entendela, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desa políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego.

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando pola institucións galegas. O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galego e galegas.





O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.
2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de "lingua propia de Galiza" (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).
3. O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión o Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.
4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.>>

Expediente 1171/2024. Moción PSOE solicitando á Xunta de Galicia que poña fin ó deterioro dos servizos públicos que vén sufrindo o noso concello dende hai xa un tempo.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<<Resolución:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), SOLICITANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE POÑA FIN, Ó DETERIORO DOS SERVIZOS PUBLICOS QUE VEN SUFRINDO O NOSO CONCELLO DENDE HAI XA UN TEMPO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2020 a Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade ven recortando de xeito continuado os servizos sanitarios que corresponden ó Concello de Guitiriz. Pasamos de ter cinco facultativos repartidos entre o Centro de Saúde de Guitiriz e o Consultorio de Parga, a contar na actualidade con destino efectivo en Guitiriz con dous facultativos. O Consultorio de Parga xa veu recortado o servizo que prestaba á veciñanza de Guitiriz. Pasamos de ter dous facultativos todos os días có Servizo de Enfermería correspondente a ter solo un facultativo de luns a xoves.





Neste momento e despois de que a Consellería resolvese o Concurso de traslados, atopámonos co que no Centro de Saúde de Guitiriz de tres médicos que pasaban consulta, na actualidade solo queda con plaza efectiva un deles. Xa perdemos unha plaza porque non se cubriu a última xubilación producida. Dos dous facultativos de Parga, un dos que actualmente está a cubrir unha comisión de servizos tamén obtivo plaza no Concurso de traslados, polo tanto vai a deixar de prestar os servizos no Centro de Saúde de Guitiriz.

Seguimos sin contar có servizo de pediatría, que leva sin cubrir a baixa da titular da plaza na práctica todo este ano 2024, neste Concello no que temos 510 menores que deberían ser atendidos polo mencionado Servizo.

A todo isto súmase que dende que se iniciou o Curso Escolar o Centro Educativo CEIP Lagostelle, todas as semanas ve mermada a súa actividade e funcionamento pola falta de substitución de persoal imprescindible para o mencionado Centro, recentemente a Cociñeira, a Coidadora.... có perxuício que iso ocasiona á Comunidade Educativa.

Por outra banda, o CEIP Santo Estevo de Parga ten solicitado un pinche de cociña que lle pertence polo número de nenos e nenas que asisten o comedor e o desdoblamento dunha das aulas que polo número de alumnado, e según os ratios da consellería, terían que estar en dous cursos polo que se solicita un docente mais, de momento ningún do dous postos está cuberto.

Podíamos mencionar tamen o transporte escolar que dende que se deixou de xestionar pola Consellería de Educación, todos os comezos de curso xenera que moitas familias vexan cambiadas as paradas as que deben acudir por cambiar de primaria a secundaria (educación obligatoria), en xuño teñen unha parada e en setembro outra. De momento o transporte integrado non está a ser unha solución no rural, como nos prometeran dende o principio.

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia, a que poña os recursos económicos necesarios, dispón deles, para dotar ó noso Concello dos Servizos Públicos que necesitamos e ós que temos dereito. Demandamos ter información do que vai ocorrer coas plazas vacantes tanto do Centro de Saúde de Guitiriz e do Consultorio de Parga. Que cumpran cós compromisos que adquiriron con respecto a eses mesmos Servizos Públicos e que seguen sin cumprir.
2. En canto ó CEIP Lagostelle, que cubran as ausencias, baixas e outros permisos que solicitan os traballadores para que o Centro e as familias poidan facer uso dos servizos que ten o Centro.
3. Que asignen o CEIP Santo Estevo de Parga o pinche solicitado e o persoal docente necesario para o desdoblamento.>>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL





Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Plantexanse os rogos e preguntas que se recollen na video-acta.

Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do quedou fe:

SHA512 -f7633fee5c49b8d95035c675a04ef59750c9c8feb0934f1dfb9a2fe75fb9

a00469126205a738b279a730772cb9c4155397a5e8093886530d91b2236ffbec87f7

O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:

<https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?>

id=MzYzYmNINjgtOTFIMC00NDhILWJmMmEtODhhNWQxNDQ3Zjhj

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2024/9

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 1160/2024. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

- Anexo 1. Anexo. Regulamento escola infantil municipal

2. Expediente 903/2024. Modificación inventario municipal de camiños no lugar de Forcas- O Vilar.

- Anexo 2. Anexo. Plano_trazado_camiño_22_3010





REGULAMENTO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO GUITIRIZ

INDICE

Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

Capítulo II. Procedemento de ingreso

Capítulo III. Obxectivos da escola

Capítulo IV. Horario da escola

Capítulo V. Causas da baixa do alumnado na escola

Capítulo VI. Referente ás Familias

Capítulo VII. Servizos que poderá ofertar

Capítulo VIII. Normas para os nenos/as

Capítulo IX. Promoción da integración e da igualdade entre alumnos e alumnas

Capítulo X. A lingua

Capítulo XI. Persoal

Capítulo XII. Réxime de cobramento

Capítulo XIII. Medidas de seguridade e hixiene

Capítulo XIV. Libro de reclamacións

Capítulo XV. Sistema de revisión das normas de funcionamento

Capítulo XVI. Normativa de Aplicación



Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º

Estas Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización funcionamento da escola infantil.

Artigo 2º

Constitúe o ámbito de aplicación destas normas a escola infantil de atención a primeira infancia que se configure como equipamento diúrno dirixido a poboación infantil de 0 a 3 anos.

Artigo 3º

Os centros de atención á primeira infancia, escolas infantís 0-3, cumpran unha función eminentemente educativa proporcionando ás súas persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, relixión, condición social ou económica, a través dun programa global que garante o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo social e moral do alumnado.

A escola infantil colaborará estreitamente cos proxenitores, persoas titoras e representantes legais dos e das usuarias co fin de facilitarllela conciliación da súa vida familiar e laboral.

Artigo 4º

A capacidade da escola é o número de unidades e prazas autorizadas, segundo constan no RUEPSS.

No caso de non existir demanda suficiente para poder formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, alumnado poderá ser agrupado conforme á seguinte proporción:

- Grupos formados por alumno/as de ata 2 anos: 1/10
- Grupos formados por alumno/as de idades comprendidas entre 0-3: 1/15

Ou como se regule na normativa autonómica, axustándose os agrupamentos á demanda existente.

Capítulo II. Procedemento de ingreso

Artigo 5º

Poderán solicitar praza na escola infantil os proxenitores, persoas titoras e representantes legais con nenos/as de idades comprendidas entre os 0 e 3 anos. O ingreso na escola só se poderá realizar unha vez que o neno/a teña cumpridos os 3 meses.

No momento do seu ingreso, o persoal da escola abriralle un expediente persoal individual no que fará constar, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono, que terán carácter confidencial, e que poderán servir para comunicar algunha urxencia, así como para calquera outra que así o requira.

Artigo 6º

O procedemento de reserva de praza e ingreso dunha persoa usuaria será o seguinte:

1. Reserva de Praza de novo ingreso

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación.

Os pais/nais, tutores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deberán coñecer antes de formalizar a súa solicitude de reserva de praza/matriculación, as normas de funcionamento da escola infantil e o seu Proxecto Educativo do Centro xunto coa correspondente proposta pedagóxica. Para esta finalidade, a escola facilitaralle, polos medios acordados, as presentes normas visadas e o Proxecto Educativo.

As solicitudes terán que estar asinadas por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representante legal. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída exclusivamente a un deles. En ambos casos, deben presentar a súa resolución xudicial de interposición de demanda de separación.

As solicitudes, serán atendidas segundo o baremo establecido no Anexo1.

No caso de que a documentación presentada sexa incorrecta ou insuficiente, requiriráselle ás persoas solicitantes a súa emenda.





Así mesmo, facilitaráselle aos solicitantes , un xustificante co número de inscrición da súa solicitude.

No caso de que o centro se acolla ás axudas para o fomento da gratuidade, a familia-formalizará o pago correspondente cota a modo de reserva de praza (se procede), que debera facerse efectiva dentro do prazo establecido

Unha vez incorporado o neno ou nena no mes de setembro (o inicio do curso), o importe correspondente á reserva de praza será compensado pola entidade beneficiaria, ao longo do curso escolar, con outros servizos e conceptos distintos da atención educativa que preste no centro.

Se o neno/a non se incorporara a escola no inicio do curso, perderá o dereito a praza e non se lle devolverá a cota aboada aos seus solicitantes para a súa reserva, agás causa xustificada do atraso na incorporación.

A non asistencia á escola infantil durante un período de **5 días sen xustificación** dará lugar á baixa do alumno/a do programa de gratuidade sendo asumido o pagamento por parte da familia se non quere causar baixa definitiva na escola.

Teñen prioridade na súa matrícula:

- 1º As solicitudes para nenos e nenas xa escolarizados na mesma escola no curso anterior.
- 2º As solicitudes de fillos/fillas do persoal que preste servizo na escola infantil.
- 3º As solicitudes para nenos/as con irmás ou irmáns con praza renovada na mesma escola.
- 4º As solicitudes para nenos/as en que as dúas persoas proxenitoras ou un deles, no caso de familia monoparentais, xustifiquen estar ocupadas laboralmente.
- 5º As solicitudes de xornada completa sobre media xornada.

O sistema para dar de baixa a un alumno/a de forma definitiva na escola realizarase por escrito, cunha antelación de 1 mes.

a) Renovacións

- ✓ Para os nenos e nenas que renoven a súa praza na mesma escola, esta realizarase no prazo establecido do 1 ao 15 de abril.

b) Novos ingresos

- ✓ O prazo de solicitude para a reserva de praza de novo ingreso será do 16 ao 30 de abril.

3. Documentación matrícula

A documentación necesaria para a matrícula será:

- Solicitude cuberta polos solicitantes na que conste o horario real de asistencia solicitado polos pais/naias/tutores/as e representantes legais.
- DNI /NIE das persoas solicitantes.
- Autorización xeral para tratamento de audiovisuais, protección de datos, e todas aquelas que se consideren oportunas e que deberán estar asinadas polos seus pais/nais, tutores/as ou representantes legais do/a alumno/a.
- De selo caso, o informe médico do neno/a no que se reflectan as alerxias, intolerancias ou calquera outra incidencia que teña que ser atendida individualmente.
- Cartilla de vacinación actualizada segundo o seu calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación ou calquera outra documentación acreditada polo SERGAS .
- Documento acreditativo do nacemento da nena ou neno
- Sentenza de demanda de divorcio, documento acreditativo da custodia do neno/a, réxime de visitas, horarios de recollida, etc.
- Aqueles outros datos/documentacións que sexan precisas e que deberán ser aportadas.

4. Criterios de subvencionalidade

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano de setembro a xullo. Cando os solicitantes do servizo queiran facer uso da escola por un período superior ao subvencionado, estes deberán aboalo de forma particular.





Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestada baixo unha perspectiva educativa, ao alumnado durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

As familias poderán escoller libremente, o período de disfrute das vacacións dos seus fillos e fillas, **aínda que período preferente serán os meses de verán**. O mes de agosto non é subvencionado polo que a asistencia nestes meses dun neno ou nena debe ser aboada polas familias.

En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia real solicitado polos pais/nais, tutores/as ou representantes legais.

Segundo a orde de gratuidade da Xunta de Galicia, exceptúase da actuación subvencionable o custo do servizo (comedor, cociña, as actividades extra á atención educativa, os materiais e calquera outro tipo de servizos e conceptos que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil.

En ningún caso as entidades beneficiarias titulares ou xestoras de escolas infantís poderán cobrarlles ás familias por conceptos diferentes aos xa establecidos na tarifa de prezos dos cursos anteriores, agás que se ofrezan novos servizos de contratación voluntaria.

Tampouco poderán cobrar polo desenvolvemento do proxecto educativo nin pedagogías alternativas.

As actividades complementarias que formarán parte do Proxecto Educativo do centro (terceira lingua, saída didáctica, obradoiros, etc..) desenvolveranse gratuítas e transversais ao currículo educativo dentro da xornada de atención educativa.

Capítulo III. Obxectivos da escola

Artigo 7º

Son obxectivos específicos da escola:

Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos/as alumnos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas creativas do alumnado. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.

Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.

Respectar a singularidade e diversidade de cada alumno/a.

Posibilitar a integración progresiva dos alumno/as na cultura do seu medio. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.

Facilitar a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Fomentar o uso responsable das tecnoloxías dixitais.

Promover hábitos saudables e sustentables a partir das rutinas diarias/habituais.

Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promovan a igualdade de xénero.

Estes obxectivos serán desenvolvidos no Proxecto Educativo do Centro e na correspondente Proposta Pedagóxica do centro escolar.





Capítulo IV. Horarios da escola

Artigo 8º.- Horarios de apertura e peche da escola

A escola infantil abrirá un mínimo de 8 horas diarias en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns venres e once meses ao ano, salvo causa xustificada.

Non obstante, respectando estes criterios mínimos, a escola poderá determinar os seu calendarios e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos seus solicitantes.

As causas dos seus peches previa consulta ás familias co fin de fomentar a necesaria conciliación familiar deberán ser acreditadas mediante documentos asinados polo/a seu/súa representante legal ou polo técnico/a competente.

O horario de apertura e peche deberán estar expostos ao público no taboleiro de anuncios da escola e no RUEPSS.

Artigo 9º. Horario de permanencia do alumnado

1.O horario máximo de permanencia do alumnado na escola será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais xustificadas polas que se poderá ampliar dito horario.

2. Horario de atención amplo: Entenderase por horario de atención amplo ao alumnado aquel que a escola ofrece durante polo menos 9 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o alumnado prolongue a súa estancia na escola máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais así o aconsellaran, que deberá en todo caso, estar xustificadas documentalmente no expediente.

O custo destas deberá ser aboado polas súas familias.

Artigo 10º.- Entradas e Saídas

a) Sempre que non supoña unha alteración das actividades do demais alumnado e do normal funcionamento da escola, o horario de entrada e saída do alumnado da escola deberá caracterizarse pola flexibilidade que requiriran as necesidades das súas familias. Os horarios establecidos para a entrada e saída do alumnado deberán ser respectados polas súas familias. En caso de que se produzan atrasos inxustificadas e reiterados, a dirección da escola estará obrigada a adoptar as medidas que considere oportunas, poñéndoo en coñecemento da/s familia/s incumplidora/s podendo cobrar horas extras por eses atrasos.

A escola poderá establecer horarios específicos de entrada e saída obrigatorios para todo o alumnado con fin de respectar o Proxecto educativo do Centro e a correspondente Proposta Pedagóxica programada.

b) As familias e/ou os representantes legais deberán recoller aos seus alumnos/as ao remate da xornada. Cando estas ou estes autoricen á dirección da escola para entregarlo a outra persoa, esta deberá estar debidamente autorizada e identificada.

c) No caso de que o persoal da escola realice algunha saída didáctica fóra das súas instalacións, a súa dirección deberá poñelo previamente e por escrito en coñecemento de todos os seus pais e nais, titores/as ou representantes legais, e estes, pola súa parte, deberán dar o seu consentimento igualmente por escrito (ou de calquera outra forma fehaciente). No caso de que non consintan a súa saída do alumno/a, este permanecerá na escola en compañía do persoal habitual cando a saída sexa de grupo. No caso de que a saída sexa conxunta, os alumnos/as non poderán asistir á escola nesa data, xa que esta permanecerá pechada.

Artigo 11º.- A programación das actividades

A programación das actividades diarias da escola deberá adaptarse ás características psicopedagóxicas e sociais do seu alumnado.

A programación das actividades diarias deberá concretarse a través do Proxecto Educativo de Centro e da súa correspondente Proposta Pedagóxica e de acordo á normativa vixente sobre a ordenación e o currículo da educación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia.





Capítulo V. Causas da baixa do alumnado na escola

Artigo 12º.-

Un/ha alumno/a causará baixa na escola infantil cando se de/n algunha/s das seguintes circunstancias:

- Por superala idade máxima regulamentaria establecida para a súa permanencia
- Por solicitude dos pais, titores/as ou representantes legais
- Pola falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alterno calquera que sexa o curso escolar no que se atope o/a alumno/a.
- Pola comprobación da falsidade dos documentos ou datos aportados
- Pola incompatibilidade e/ou inadaptación absoluta para permanecer na escola
- Pola falta de asistencia continuada durante polo menos 15 días sen causa xustificada.
- Polo incumprimento reiterado das presentes Normas de Funcionamento

As baixas que se produzan ao longo do curso escolar, poderán ser cubertas polos solicitantes q figuren na listaxe de agarda.

Capítulo VI. Referente ás Familias

Artigo 13º.- Dereitos e obrigas

1.- Dereitos

- As familias e/ou representantes legais deberán ser informados/as regularmente da situación do seu/si alumno/a polo persoal da escola: desenvolvemento evolutivo, actitude, progresos...
Así mesmo, poderán solicitar que dita información lles sexa ampliada a través titorías e reunión particulares co/a educador/a e director/a.
- Realizar unha visita ás instalacións e manter entrevistas persoais antes do comezo do curso.
- Coñecer o funcionamento da escola e o modo en que se formula o seu Proxecto Educativo e a si correspondente Proposta Pedagóxica antes da formalización da matrícula.
- Ser informados de aqueles sucesos que afecten a marcha ordinaria do funcionamento da escola e di medidas adoptadas.
- Dispoñer con carácter previo á realizar a súa reserva de praza/matrícula das Normas de Funcionamento (escola visadas.
- Interpoñer queixas e reclamacións que considere pertinentes.
- Ser informado/a polo centro, de forma inmediata, de calquera accidente ou incidente que se considere relevante.
- A que a escola garante a protección dos datos do seu alumnado e das súas familias.

2.- Deberes/obrigas

- Respetar o Proxecto Educativo do Centro e a súa Proposta Pedagóxica, así como as presentes Normas de Funcionamento visadas.
- Informar da situación persoal do/a alumno/a no referente ao seu proceso educativo na casa e no si entorno: gustos, aversións, cambios na situación familiar, afectiva, así como calquera cambio de enderez tlf., ...etc.
- Ser puntuais á hora do ingreso e da recollida do/a alumno/a.
- Cumprir cos horarios de asistencia que teñan solicitados.





Ser puntuais na aportación do material solicitado pola escola, a devolución de notas e das enquisas que lles envíen.

Ser dilixente nos pagos e nas notificacións das baixas e cambios de horario.

Colaborar nas actividades da escola na medida do posible, dado que estas serán o eixo da relación entre familia e a escola.

- Cooperar dende a súa posición de responsables da educación dos/as alumnos/as no seu proceso educativo.
- Comunicar con anticipación á escola do cambio das persoas que están autorizadas para recoller o alumno/a na escola.
- Non levar aos/ás alumnos/as á escola cando non estean nas condicións físicas idóneas (procesos víricos, febre, ou calquera outra circunstancia que así o aconselle...)

Artigo 14º.- Participación e relación cos pais e nais, tutores/as e representantes legais

As seguintes normas xerais serán de aplicación para garantir a participación activa e axeitada das familias:

1. O fomento da relación entre familia e a escola será preciso para acadar a optimización da educación do alumno/a.
2. A coordinación e o coñecemento da vida na escola facilitarase por medio de:
 - A entrevista inicial cos pais e nais, tutores/as e/ou representantes legais co/a director/a e o/a educador correspondente. Esta quedará rexistrada no seu expediente individual.
 - Os contactos diarios co/a educador/a de referencia.
 - A participación nas actividades: celebracións de festas, saídas da escola, ...
 - A colaboración na preparación de festas, celebracións, excursións, ...
3. A relación cos pais/nais, tutores/as ou representantes legais deberá ser fomentada en todo momento por parte da dirección da escola, mantendo como principais obxectivos:
 - Intercambio de Información.
 - A participación na vida da escola.
 - O intercambio de pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

A escola transmitiralle aos pais/nais, tutores/as ou representantes legais de cada alumno/a a información precisa sobre a súa evolución integral, como mínimo, cada semestre. E tamén realizará os informes evolutivos pertinentes das áreas establecidas de acordo a normativa vixente sobre o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

As visitas dos pais/nais, tutores/as ou representantes legais dos/as alumnos/as á escola deberán realizarse de acordo co horario establecido pola dirección, logo de ser oído o equipo educativo, e sempre e cando non se dificulte a boa marcha da escola.

A escola infantil deberá planificar o período de adaptación, tendo en conta que coa súa entrada na escola o alumno/a perde temporalmente a súa relación continuada coa figura familiar de apego. Nese momento, o alumno/a vai entrar nun lugar descoñecido e a ter contacto con novas persoas, ademais de pasar de ser o centro de atención a ser un máis entre outros iguais. O desenvolvemento do/a alumno/a nese momento crítico vai depender, todos os niveis, de como asimile este proceso. A escola contará cun *Protocolo de Adaptación* do alumnado que será facilitado ás familias.

Artigo 15º.- Instrumentos de información para as familias

Todas as familias serán informadas durante o período de adaptación e durante o curso do desenvolvemento do seu fillo ou filla a través da comunicación diaria tanto nos momentos de entrada como de recollida.

Con carácter xeral, se celebrarán as seguintes reunións:

- Reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso





- Reunións de grupo que deberán realizarse unha en cada semestre

Ao principio do curso, a dirección da escola informará por escrito dos horarios de atención e información dispoñible para os pais/nais, titores/as ou representantes legais dos alumnos e alumnas.

Artigo 16º.- Asociación de Pais e Nais.- ANPAs

A ANPA é o órgano de participación dos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos alumnos e alumnas na vida da escola. A dirección fomentará a súa constitución e funcionamento.

A asociación promoverá nos seus propios estatutos os seguintes fins:

- a) Defender os dereitos dos pais/nais, titores/as ou representantes legais no relativo á prestación de servizos e alumnado.
- b) Colaborar coa dirección e co persoal da escola para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado en todo canto supoña unha mellora da calidade na prestación dos servizos.

Capítulo VII. Servizos que poderá ofertar a escola

Artigo 17º.- Servizos básicos da escola

1. Atención Educativa

A escola infantil contará cun Proxecto Educativo de Centro propio que se axustará na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil. Dito proxecto estará a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

A escola infantil atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos e control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os alumno/as.

A escola infantil facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

A escola oferta o servizo de atención educativa durante un mínimo de 8 horas diarias. A opción de asistencia elixida polas familias para o seu alumno ou a súa alumna implica a asistencia regular continuada á escola infantil durante un máximo de 8 horas e un mínimo de 3 horas diarias.

2. Servizo de comedor

No Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establécese que o servizo de comedor *"incluírá en todo caso o xantar e, opcionalmente, almorzo e merenda e/ou se podendo ser ofertado nalgunha das seguintes modalidades: Como servizo de comedor propiamente dito, prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos"*.

En calquera caso, a escola deberá poñer a disposición das familias unha relación semanal dos menús previstos, e cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e axeitada ás idades dos/das alumnos/as.

A escola contará cun servizo de comedor, ben propio ou por medio dunha empresa de catering. As familias deberán ser informadas da modalidade coa que conta a escola.

Os alumnos e alumnas que sexan usuarios fixos do comedor durante o almorzo e a merenda cando non vaian utilizalo deberán avisar con suficiente antelación.

Os horarios do servizo do comedor están expostos no taboleiro de anuncios da escola.

O servizo de comedor estará dispoñible para todo o alumnado da escola que o contrataran. No caso de que un alumno ou alumna precisase deste servizo algún día solto, solicitarao antes do día que necesite.

No caso de que o/a alumno/a padeza algunha alerxia ou enfermidade que impida a inxesta dalgún tipo de alimento, familia deberá presentar informes médicos preceptivos.

3. Servizo de cociña





O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia define como servizo de cociña “a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen as propias persoas usuarias”.

As familias deberán asinar unha autorización para poder proporcionar aqueles alimentos que achegue cada día á escola co compromiso de levalos segundo as medidas hixiénicas establecidas, entre as que estarán as de: estar envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo preferente, nome e apelidos do alumno/a e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e a indicación de se poden precisar ou non refrixeración.

4. Servizo de horario ampliado

Enténdese por horario escolar ampliado a atención ao alumnado polo menos durante 9/10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que alumno ou alumna prolongue a súa estancia nela máis de 8 horas diarias, agás que, por circunstancias excepcionais, deberá facelo. En calquera, estas deberán quedar xustificadas documentalmente no seu expediente.

Se algunha familia utiliza, por causas xustificadas, o horario ampliado, esta deberá aboar o importe establecido mensualmente.

5. Servizo de transporte escolar

Servizo de transporte escolar deberá cumprir todos os requisitos establecidos na normativa específica, concretamente no Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores, e nas ordes e instrucións vixentes derivadas da mesma.

6. Actividades extraescolares e complementarias á atención educativa

Enténdese por **actividade extraescolar** aquela desenvolvida fóra do horario de atención educativa da escola (subvencionada ao 100% pola Xunta de Galicia). As actividades extraescolares deberán ser aboadas polas familias.

O custo do servizo de comedor e das actividades extraescolares á atención educativa serán exceptuadas a actuación subvencionable para escolas privadas, segundo se determina na orde de gratuidade das mesmas. O seu custo adicional deberá ser cuantificado e xustificado pola escola.

Capítulo VIII. Normas para os nenos e nenas

Artigo 18º Normas de saúde, hixiene, vestiario e nutrición

1. Normas de saúde

Con carácter xeral, as escolas infantil estarán o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e deberán atender exclusivamente aos boletíns epidemiolóxicos nos que se actualizan as recomendacións para a exclusión de escolas.

1. O alumnado deberá acudir á escola nas condicións correctas de saúde.
2. No caso da aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia a escola, esta deberá ser comunicada polos pais/nais, tutores/as ou representantes legais á dirección deste.
3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso no alumnado na propia escola, informarase á dirección e os seus pais/nais, representantes legais ou tutores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. Só será posible o reingreso na escola unha vez teña transcorrido o período de contaxio.
4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido na escola, despois das primeiras atencións *in situ* e á maior brevidade posible, poñerase dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, tutores/as ou representantes legais do/a alumno/a e, se é o caso, procurarase que reciba a atención médica axeitada. A escola contará co *Protocolo de de Emerxencia Sanitaria* que lle será facilitado ás familias.
5. Cando se produza unha falta de asistencia do/a alumno/a á escola por un período superior a 3 días, a causa da enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, tutores/as ou representantes legais deberán comunicarllelo á dirección da escola.





6. Nos casos nos que se lle teñan que administrar medicamentos aos alumnos/as (porque poida supoñer un risco para saúde), estes deberán ir acompañados da correspondente receita médica, actualizada á data do tratamento, e na que constará o nome do alumno/a, o nome do medicamento, a forma, a dose e a periodicidade da súa administración.

7. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización escrita dos proxenitores, tutores/as ou representantes legais.

Con carácter xeral, evitarase a administración de medicamentos ao alumnado durante a súa estancia na escola. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos dos alumnos/as nas horas que permanezan na súa casa, sempre que o tratamento así o permita.

2. Normas de hixiene persoal do alumnado

Todo o alumnado asistirá en óptimas condicións hixiénicas á escola.

3. Normas de vestiario

1. A roupa e o calzado deberá ser cómodo, evitando no posible botóns, peches ou tirantes. Tamén deberán descartar os modelos tipo buzo.

2. Por motivos de seguridade, o alumnado non poderá traer obxectos como pulseiras, medallas ou cadeas. Evítanse ademais os lazos, horquillas, pinzas, gomitas, e outros que poidan resultar perigosos para o alumnado ou os educadores.

3. A escola poderá obrigar ao uso de uniforme. Con todo, as familias deberán poder elixir, libremente, adquirir ou uniformes básicos nos establecementos da súa preferencia. No caso de que a escola esixa que o uniforme inclúa logotipos, escudos ou outros emblemas, esta deberá favorecer a súa adquisición separada.

4. Normas de alimentación

1. A escola proporcionará unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade e informará ás familias semanal, mensual ou por tempadas dos menús previstos, a través do taboleiro de anuncios, así como de calquera modificación que se produza nos mesmos. Ditos menús proporcionarán información clara e detallada dos produtos utilizados para a súa elaboración, así como as cantidades axeitadas ás idades do alumnado.

2. A escola prestará un especial coidado na atención a aqueles casos nos que o/a alumno/a, por razón das súas circunstancias persoais, deba recibir certos alimentos ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deberán ser facilitados pola familia.

3. Os menús serán supervisados por técnico/a en Dietética e Nutrición ou especialista competente, e expostos no taboleiro de anuncios cunha antelación dunha semana. Recoméndase que se recolla a lenda "menú para escola infantil..... supervisado por -colexiado/a.".

4. Respetaranse os horarios establecidos para as comidas.

Artigo 19º.- Distribución das dependencias

As dependencias do centro distribúense de acordo as dependencias autorizadas segundo o Permiso de inicio de Actividade da escola.- PIA ou as correspondentes modificacións substanciais do centro solicitadas a Inspección de Servizos Sociais

Uso das dependencias e do material

- Todo o material será coidado para o posterior desfrute dos demais.
- As aulas deberán ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas.

Capítulo IX. Promoción da integración e da igualdade entre alumnos/alumnas





Artigo 20º.- Integración do alumnado con NEAE.- Necesidades Específicas de Apoio Educativo

A escola promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos alumnos/as con necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) ou con outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe (DE/NE). Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

A efectos da orde de gratuidade, considerase que as alumnos/as con NEAE ocuparán dúas prazas. Neste caso, axuda solicitada tamén deberá multiplicarse por dous.

Artigo 21º.- Fomento da igualdade entre alumnos e alumnas

1. A escola é o principal axente educativo da infancia . Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento.
2. Na escola, a educación non sexista implica a participación do profesorado e da familia e a sociedade en xeral.
3. A escola programará actividades para promover a igualdade entre o alumnado evitando os comportamentos discriminatorios por razón de raza, sexo, relixión, condición social ou económica. Estas actividades reflectiránse nos proxectos educativos e curriculares.
4. A aula disporá dunha oferta de materiais de diferente tipo e adaptados ás idade do alumnado deses materiais os/as educadores/as coidaran dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e cren ambientes significativos.
5. Coa finalidade de evitar desigualdades por razón de xénero e na transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto, haberá que coidar a selección e o emprego dos materiais e dos espazos.
6. Ao alumnado achegáraselle un coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras culturas desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potenciará en todo momento as actitudes de respecto e aprecio.

Capítulo X. A lingua

Artigo 22º.- A lingua dos documentos oficiais

Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.

1. O emprego da lingua na aula

Na etapa de educación infantil, o persoal educativo empregará as dúas linguas cooficiais na aula, fomentando a participación do uso das dúas linguas cooficiais en diferentes situacións e recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrezca á infancia simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

Capítulo XI. Persoal

Artigo 23º.- Rateos de persoal

A escola cumprirá en todo momento os rateos de persoal establecidas na normativa de aplicación vixente.

Así mesmo, a escola infantil contará cunha dirección pedagóxica que recaerá nalgún dos membros do persoal coa titulación de licenciado/a ou mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.

Artigo 24º.- O equipo técnico

Recomendase a constitución dun **equipo técnico** configurado como un grupo de traballo, a través do cal o persoal coa atención directa ao alumnado participa do proxecto integral da escola. Este equipo estará integrado polo/a director/a ou pola dirección pedagóxica, que actuará como coordinador/a, e polo persoal de atención directa ao alumnado.





Artigo 25º.- O persoal de atención directa e de apoio

1. O **persoal de atención directa** ao alumnado será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice as funcións que, segundo a súa categoría profesional, se establezan no correspondente convenio colectivo.
- 2.- O **persoal de apoio** á atención e coidado do alumnado será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que, segundo a súa categoría profesional, se establezan no correspondente convenio colectivo.

Artigo 26º Outro persoal

Cando a escola ofrezca servizo de comedor, en calquera das súas modalidades, deberá de dispoñer do persoal necesario para o seu desenvolvemento, segundo a súa categoría profesional e de acordo a como se estableza no correspondente convenio colectivo.

Capítulo XII. Réxime de cobramento

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade.

As cotas de servizos de comedor, servizo de cociña, reserva de praza, horario amplo, horas extras, materia de servizos complementarios ou actividades extras, e outros conceptos serán detalladas na Relación de Prezos que se publicará no taboleiro de anuncios da escola e no seu correspondente apartado do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias, en función dos servizos utilizados.

Artigo 27º Prezos

O listado de Prezos dos servizos prestados serán desagregados; por tipo de gasto, por unidades, especificando si son obrigatorios ou voluntarios e a periodicidade dos pagos. Serán aboados polas familias no prazo e polos medios e prezo público correspondente.

1. Actualización de Prezos

A escola Infantil aplica prezos públicos e as súas actualizacións segundo o estipulado pola normativa de aplicación. Os prezos poderán ser revisados anualmente, e comunicados ao comezo do curso escolar.

Artigo 28º Recibos

É criterio de cada concello a emisión e entrega ás familias que o soliciten

Artigo 29º Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, a escola reservará a praza do/a alumno/a.

A bonificación refírese ó 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada ao alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia, excluído o mes de vacacións dos/as alumnos/as. As familias poden escoller libremente período de desfrute das vacacións, preferentemente nos meses de verán.

O mes de agosto non é subvencionable pola Xunta de Galicia polo que será aboadado pola familia se a asistencia do alumno/as fose necesaria

Capítulo XIII. Medidas de seguridade e hixiene

Artigo 30º

1. Medidas de seguridade e hixiene

A escola conta coas seguintes medidas de seguridade e hixiene en todas as súas instalacións:





- Técnico en riscos laborais encargado de implantar as medidas de emerxencia na escola.
- Medidas anti-incendios.
- Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións no alumnado, tales como cantoneiras, protección c arestas e antipilladedos.
- Caixa de primeiros auxilios para a asistencia inmediata, encargándose do seu mantemento o persoal responsable c escola.

Asi mesmo, a escola terá contratado as seguintes pólizas de seguro :

- Póliza de **Responsabilidade civil** que garante a cobertura das indemnizacións das persoas usuarias e/ ou terceiro vixente en todo momento
- Póliza de **sinistros do edificio**, con cobertura para a reparación dos posibles sinistros do edificio , vixente en todo momento.
- Póliza **seguro de accidentes**, con cobertura para as prazas autorizadas, vixente en todo momento.
- A escola deberá informar as persoas usuarias do protocolo en caso de emerxencia sanitaria: as actuacións seguir ante unha situación de emerxencia sanitaria incluído o procedemento de actuación no caso de derivación a un centro hospitalario o cal incluírá a obriga de informar inmediatamente ás familias, titores/as e representantes legais

2. Persoal

- Os traballadores/as, contan con coñecementos acreditados de **prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios** ante unha emerxencia.
- O persoal da escola manterá una actitude activa e vixiante dirixida a prevención de incidentes e ao control conservación dos espazos, material, ferramentas, e obxectos perigosos e instalacións.
- Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado do alumnado deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual **someterase a un recoñecemento médico**. Será igualmente preceptiva **vacinación do persoal contra a rubéola**, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.

Todo o persoal de atención e coidado ten coñecementos básicos en primeiros auxilios.

- O persoal que manipule alimentos está en posesión do **carne de manipulador de alimentos** segundo normativa vixente.

Todo o persoal da escola que teña contacto habitual co alumnado contará cun **Certificado Negativo c Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e Trata de Persoas**.

Capítulo XIV. Libro de Reclamacións

Artigo 31º

A escola infantil dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para tramitación est recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación de reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).

A Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento continuo das escolas programas a través das oportunas inspeccións co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos legais esixibles a calidade educativa e asistencial procurando a mellora continua na prestación dos servizos, segundo establecido nos artigos 75 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 49 do Decree 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección de servizos sociais en Galicia.

Capítulo XV. Sistema de revisión das Normas de Funcionamento





Estas Normas de Funcionamento entrarán en vigor no momento que se incorporen ao RUEPSS polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Serán expostas publicamente no taboleiro de anuncios da escola a disposición das persoas usuarias e seranll entregadas ás familias co texto íntegro e cos anexos correspondentes.

Calquera instrución ditada pola escola non pode ser contraria ás presentes Normas de Funcionamento visadas. As presentes Normas de Funcionamento derrogan as visadas anteriormente.

Capítulo XVI. Normativa de Aplicación

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.

Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

- Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BO núm. 167, de 13 de xullo).
- Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de Educación Infantil.

Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores
- Ordes anuais polas que se regulan as axudas as escolas infantís
- Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería en materia de servizos sociais.
- DECRETO 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización d prezos segundo *Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.*
- DECRETO 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Ordenanza fiscal do Concello.

ANEXO 1: BAREMO APLICACIÓN ACCESO Á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE GUITIRIZ.





CATEGORÍAS	PUNTOS
1. Por estar empadroado no Concello de Guitiriz.	6
2. Por irmán/s con praza renovada no Centro.	5
3. Pola condición de familia numerosa . *	6
4. Pola condición de familia monoparental . *	6
5. Por cada membro da unidade familiar afectado por minusvalidez física, psíquica ou sensorial, superior a un 65%, enfermidade que requira internamente periódico, alcoholismo, drogadicción (con informe médico), ou persoa con dependencia varada .	ATA 4 PUNTOS
6. Por ausencia no fogar de ámbolos pais . Orfandade.	12
7. Calquera circunstancia de exclusión social ,debidamente acreditada con informe de servizos sociais.	Ata 6 puntos.
8. OCUPACIÓN de ámbolos dous pais.	ATA 15 PUNTOS
9. DESEMPREGO SEN PRESTACIÓN. (1)	
PAI	3
NAI	3
10. DESEMPREGO CON PRESTACIÓN(1)	
PAI	2
NAI	2
11. SITUACIÓN ECONÓMICA DE TODA A UNIDADE DE CONVIVENCIA. (renda per cápita).	
- INFERIOR Ó 50% DO IPREM	4 PUNTOS
- ENTRE O 50% E 75%	3 PUNTOS
- SUPERIOR Ó 75 % E INFERIOR Ó 100%	2 PUNTO
- ENTRE O 100% E O 125%	1 PUNTO
- SUPERIOR Ó 125% E INFERIOR Ó 150%	- 1 PUNTOS
- SUPERIOR Ó 150% E INFERIOR Ó 200 %	- 2 PUNTOS
- SUPERIOR Ó 200%	- 3 PUNTOS





- Trazado actual inventario de camiño
- Trazado real camiño 22_3010



SITUACION ACTUAL



SITUACION PROPOSTA

Cod. Validación: 9L4W46LXJJPYYFT652S5GGEAP
Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 44 a 46



CONCELLO DE GUITIRIZ (LUGO)

CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO PUBLICO Nº 22_3010 NO LUGAR DE FORCAS - O VILAR

PLANO:

SITUACIÓN ACTUAL E SITUACIÓN PROPOSTA NO INVENTARIO MUNICIPAL



ESCALA:

1:2.500



DILIXENCIA DE SECRETARÍA

En relación ao expediente 1160/2024 do Regulamento da Escola Infantil e aos efectos oportunos, esta secretaria quere deixar constancia do seguinte:

Que na sesión plenaria de data 28/11/2024 por parte do PSOE engádesse a seguinte emenda no Anexo 1 do Regulamento da Escola Infantil: BAREMO APLICACIÓN ACCESO Á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE GUITIRIZ, engadindo o seguinte:

<< Categorías:

5. Pola condición de vítima de violencia de xénero ou vítima de trata de seres humanos ou explotación sexual debidamente acreditada.

Puntos: 6>>

Quedando o Anexo 1 do citado Regulamento como segue:

ANEXO 1: BAREMO APLICACIÓN ACCESO Á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE GUITIRIZ.

CATEGORÍAS	PUNTOS
1. Por estar empadroado no Concello de Guitiriz.	6
2. Por irmán/s con praza renovada no Centro.	5
3.Pola condición de familia numerosa .	6
4. Pola condición de familia monoparental .	6
5. Pola condición de vítima de violencia de xénero ou vítima de trata de seres humanos ou explotación sexual debidamente acreditada.	6
6. Por cada membro da unidade familiar afectado por minusvalidez física, psíquica ou sensorial, superior a un 65%, enfermidade que requira internamente periódico, alcoholismo , drogadicción (con informe médico) , ou persoa con dependencia varada .	ATA 4 PUNTOS
7. Por ausencia no fogar de ámbolos pais . Orfandade.	12
8. Calquera circunstancia de exclusión social ,debidamente acreditada con informe de servizos sociais.	Ata 6 puntos.
9. OCUPACIÓN de ámbolos dous pais.	ATA 15 PUNTOS
10. DESEMPREGO SEN PRESTACIÓN. (1)	
PAI	3
NAI	3
11. DESEMPREGO CON PRESTACIÓN(1)	
PAI	2
NAI	2
12. SITUACIÓN ECONÓMICA DE TODA A UNIDADE DE CONVIVENCIA. (renda per cápita).	
- INFERIOR Ó 50% DO IPREM	4 PUNTOS
- ENTRE O 50% E 75%	3 PUNTOS
- SUPERIOR Ó 75 % E INFERIOR Ó 100%	2 PUNTO





- ENTRE O 100% E O 125%	1 PUNTO
- SUPERIOR Ó 125% E INFERIOR Ó 150%	- 1 PUNTOS
- SUPERIOR Ó 150% E INFERIOR Ó 200 %	- 2 PUNTOS
- SUPERIOR Ó 200%	- 3 PUNTOS

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

El Secretario

